



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA (FEUGA) PARA IMPULSAR OS PROGRAMAS DE POSICIONAMENTO EUROPEO, A REDE DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN E O PROXECTO GALICIA 2030, NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Consellería) ten previsto formalizar coa Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a FEUGA para o financiamento das accións destinadas a impulsar e consolidar un programa conxunto de posicionamento da I+D+i universitaria e novas accións de apoio ao Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Concretamente levarase a cabo a execución das seguintes accións:

ACCIÓN 1.- Proxectos europeos

ACCIÓN 2.- Liñas de actividade asociadas á rede de centros de investigación do SUG

ACCIÓN 3.- Seguimento e continuidade do proxecto Galicia 2030.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que é preciso detectar e explotar oportunidades de crecemento e mellora para o SUG promovendo que as universidades públicas galegas poidan participar en proxectos europeos e internacionais, fomentar liñas específicas de apoio aos centros de investigación, así como velar que a oferta académica da universidade se adecúe a esixencias do mercado laboral.

Estas accións esténdense ás tres universidades do SUG, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación e, polo tanto, non sendo necesario promover a concorrència competitiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente

